

“O PP aproveitou o desconcerto sobre o galego do bipartito”

Henrique Monteagudo xunta nun libro textos en defensa do idioma

DANIEL SALGADO

Henrique Monteagudo fala claro xa dende o subtítulo do seu novo libro: *Apelo á cidadanía*. “O momento que vivimos no tema da lingua galega é de urxencia”, sinala, “e o libro aparece nun momento crítico, a nivel político e a nivel de discursos sociais sobre defensa do idioma”. *As razóns do galego*, título que Editorial Galaxia coloca nas librerías, recolle oito ensaios que o profesor e sociolingüista Monteagudo (Muros, 1959) publicou en revistas máis ou menos especializadas, de *Grial* ao suplemento da Letras Galegas de *El Progreso* de Lugo, o diario *Público* ou en volumes colectivos. Amais, inclúe as 26 colaboracións que, so o epígrafe de *Notas a rodapé*, publicou nas páxinas de *Luces* de EL PAÍS.

“Non quero que o debate sobre o galego fique nas elites políticas”, asegura quen procurou unha escrita na encrucillada entre “análise, información e o opinión” dirixido “a un lector, a un público amplo”. Todo encamiñado a terzar na decisión que, ao ver do autor, debe tomar a sociedade respecto das linguas: “A sociedade galega pode decidir que non paga a pena esforzarse ‘un futuro para o noso pasado’ e relegar o idioma do país ou, pola contra, optar por perseverar na obra, rescatar da incuria e revitalizar o idioma galego”. Para Monteagudo, activista dende o colectivo *Galego. Patrimonio da Humanidade* que o 14 de novembro se estreará en Santiago, esco-

ller a causa do galego supón un labor “difícil, sen dúbida, pero tamén fermoso e instigante”.

Mais de cómo se chegou á tal situación tamén trata *As razóns do galego*. “A historia sempre ten un punto imprevisíbel, pero o certo é que o discurso lingüístico do galego seguiu a ser o mesmo que o do inicio da Autonomía”, expón. Así, segundo Henrique Monteagudo, “a ausencia de ferramentas técnicas e aparello intelectual” limitaron as ambicións do Goberno bipartito respecto da normalización do galego. “Aí comezou o xogo de manipulación do Partido Popular que colleu desprevido ao bipartito e ao movemento prolingua”, considera, “e ese desconcerto foi aproveitado con éxito por Feijóo”.

Henrique Monteagudo, con todo, amosa esperanza logo da manifestación en defensa da lingua do 18 de outubro. “Hai unha reacción coído que positiva”, afirma. E iso que o profesor, militante do BNG, decote estende as súas críticas á argumentación lingüística dominante no nacionalismo. “A tentación de patrimonializar e certa tradición sectaria contribuíu a certos erros de vulto na defensa do idioma”, afirma, “por caso, a polémica normativa, que no fondo era un ¿quen manda aquí?”. Matiza: “Cometéronse moitos erros, é certo, pero froito do cariño e a paizón polo galego; agora necesitase un discurso non agoreiro e que exceda asuntos legais: o que está en xogo non é a legalidade, senón a lexitimidade social”.

Precisamente entre as máis



O profesor Henrique Monteagudo, onte en Santiago. / ANXO IGLESÍAS

“No PSdeG houbo un sector moi galeguista e outro españolista que se neutralizaron”

discutidas contribucións ao debate normalizador do sociolingüística atópase a da necesidade de que o galego non fique en mans da política nacionalista. “Dito iso, no Partido Socialista houbo sempre certa apatía, un sector moi galeguista e outro moi españolista que se neutralizaron; iso pasou no PSdeG do

bipartito, sen que Touriño tomase posición”, opina. No PP, fala dunha “identificación vaporosa co galego que, polo menos, serviu para non usar o idioma como divisor durante os anos de Fraga; logo existe un sector ferrozmente antigaleguista, o que se impón arestora”.

Monteagudo mesmo enxerga o cansazo de certo activismo a prol do galego. “Mais tamén debemos pensar que, se cadra, os que defendemos o noso idioma non nos explicamos ben. E agora hai dúas opcións, calar e que arromben o galego ou continuar batallando”. O profesor parece situarse neste último lugar.